



IMPLIK2: CONCIENCIACIÓN AMBIENTAL DE ENCE NO ENSINO?

Temos que recoñecer que, nun primeiro momento, sorprendeunos a nova recollida hoxe polos medios de comunicación, unha nova que –pensabamos- mesmo puidera ser portada nos xornais dun 28 de decembro calquera. De acordo cos medios, ENCE viña de presentar unha campaña de concienciación ambiental dirixida aos estudantes de secundaria dos concellos da Ría de Pontevedra. Estamos afeitos a asistir a campañas nas que ENCE tenta lavar a má imaxe co seu “apoio ao deporte pontevedrés”, aos “medios de comunicación”, á “Universidade”, aos “alumnos de Belas Artes”, campañas que remataron sempre –todo hai que dicilo- nun absoluto fracaso. O deporte pontevedrés (e os seus siareiros) reivindicando a súa independencia; os profesores de Forestais deixando en evidencia as mentiras do discurso de ENCE; o alumnado pontevedrés maioritariamente contrario á presenza de ENCE na Ría e boicoteando o concurso de deseño da fábrica,...

Pero esto era algo distinto, unha novidade na traxectoria da empresa pasteira, mesmo semellaba unha broma; ENCE implicada nun programa de educación medioambiental!. Non eramos quen de dar creto á nova!. Pero abondou con ler detidamente a noticia para nos decatar da realidade; quen mellor que ENCE para levar adiante unha campaña que aborda temas relacionados co impacto das actividades humanas no medio ambiente natural?. E mesmo temos que recoñecer o axeitado do lema que preside a campaña: IMPLIK2. Quen mellor que ENCE pode exhibir maior grado de IMPLIKCIÓN co impacto medioambiental na nosa comarca?.

IMPLIK2 na eucaliptización dos nosos montes.

IMPLIK2 nos recheos da Ría.

IMPLIK2 na destrución dos recursos marisqueiros.

IMPLIK2 na destrución dos recursos pesqueiros.

IMPLIK2 na destrución dos recursos turísticos.

IMPLIK2 na desaparición dos postos de traballo na Ría.

IMPLIK2 na contaminación da nosa Ría.

IMPLIK2 na contaminación da atmosfera.

IMPLIK2 na destrución dunha economía sustentábel na comarca.

IMPLIK2, en definitiva, na comisión dun delicto ecolóxico continuado e contra a saúde das persoas.

Estamos convencidos de que o alumnado saberá tirar as oportunas conclusións desta campaña de concienciación. Pola nosa banda, imos facer todo o posíbel para que así sexa.

Antón Masa, presidente da APDR